



Asunto: Complemento proposta modificación RPT Consellería do Mar

O posto de Xefatura de Sección de Programación do Ensino Náutico-Pesqueiro, co código de posto PEC.04.00.001.15770.033, está reservado na actual RPT ás seguintes escalas:

Escala profesores/as numerarios/as de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros

Escala mestres/as de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros

Escala axentes de extensión pesqueira

Cómpre a revisión das escalas de acceso a dito posto, xa que na actualidade estas tres escalas teñen un reducido numero de efectivos e un altísimo porcentaxe de interinidade, e polo tanto, o posto resulta difícil de cubrir.

Proponse que se incorpore tamén para acceder a esta praza a **escala de ciencias-especialidade bioloxía**, que tamén é unha escala de administración especial e que ten un maior porcentaxe de funcionarios/as.

Cabe indicar que a Xefatura de Sección de Programación do Ensino Náutico-Pesqueiro ten entre as súas funcións traballar cos centros de ensino da Consellería do Mar, nos que unha porcentaxe elevada do profesorado son biólogos/as. Ademais, o IPMP do Atlántico de Vigo é Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación, e o IGFAFA é Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo, e dentro das función destes centros está a de establecer vínculos de colaboración, incluíndo a xestión de redes virtuais, con institutos e axencias de cualificacións autonómicas, universidades, centros tecnolóxicos e de investigación e outras entidades, para fomentar a investigación e innovación, así como para observar e analizar a evolución das bases científicas e tecnolóxicas relacionadas cos procesos de formación ou co sector de referencia, polo que persoal funcionario da escala de ciencias-especialidade bioloxía pode aportar moito no desempeño deste traballo.

Esta proposta de modificación de RPT non ten incidencia económica.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica

Silvia Cortiñas Fernández

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

Consellería de Facenda e Administración Pública

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

T. 981 544 038 – 881 995 339

sxt.mar@xunta.gal

